

## Áreas léxicas e dominios lingüísticos no noroeste da península ibérica

Marta Negro Romero; Xulio Sousa<sup>1</sup>

Recibido: 29 de maio de 2019 / Aceptado: 29 de outubro de 2019

**Resumo.** Os atlas lingüísticos constitúen unha excelente fonte de datos para coñecer a distribución xeográfica das variedades e tamén o modo en que estas se interrelacionan, unha vez que rexistran nas súas cartas as variantes recorrentes en determinadas áreas asociadas a unha mesma variable. A pesar do valor destas obras e da riqueza da información que fornecen para a investigación nos distintos ámbitos da lingüística, deica agora son poucos aínda os traballos que as utilizaron para descubrir as relacións de contacto entre dominios lingüísticos. Entre as razóns que explican esta desconsideración están a dificultade para tratar datos en formato cartográfico e o simple descoñecemento do valor da información que albergan estas obras. Neste traballo preséntase unha análise exploratoria dun pequeno grupo de preguntas da sección de léxico dos cadernos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) pertencentes a unha área do noroeste peninsular que comprende distintos dominios lingüísticos romances. As variantes léxicas seleccionadas corresponden a dez conceptos asociados con denominacións de partes do corpo humano. Os resultados do estudo compáranse e pónense en relación con algunhas investigacións previas que abordaron os límites dos dominios lingüísticos nesta zona da península. Ademais, dáse conta das similitudes e semellanzas na distribución das variantes de distintos niveis de análise xeolingüística e identifícanse algúns padróns de distribución de variantes léxicas.

**Palabras chave:** xeografía lingüística; áreas léxicas; portugués; galego; castelán; ástur-leonés; *ALPI*.

### [es] Áreas léxicas y dominios lingüísticos en el noroeste de la península ibérica

**Resumen.** Los atlas lingüísticos constituyen una excelente fuente documental para conocer la distribución geográfica de las variedades y también el modo en que éstas se interrelacionan, dado que registran en sus mapas las variantes asociadas a una misma variable en un área territorial. A pesar del valor de estas obras y de la riqueza de la información que facilitan para la investigación lingüística, son todavía pocos los trabajos que las utilizan para mostrar las relaciones de contacto entre dominios lingüísticos. Entre las razones que explican esta desconsideración figuran la dificultad para tratar datos en formato cartográfico y el simple desconocimiento del valor de la información que albergan los atlas lingüísticos. En este trabajo se presenta un análisis exploratorio de un pequeño grupo de preguntas de la sección de léxico de los cuadernos del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) correspondientes a un área del noroeste peninsular que comprende distintos dominios lingüísticos romances. Las variantes léxicas seleccionadas corresponden a diez conceptos relacionados con denominaciones de partes del cuerpo humano. Los resultados del estudio de las variantes lingüísticas se confrontan y se ponen en relación con algunas investigaciones previas que han abordado los límites de los dominios lingüísticos en esta zona peninsular. Además, se destacan las similitudes y diferencias en la distribución de las variantes de distintos niveles de análisis geolingüístico y se identifican algunos patrones de organización territorial de las variantes léxicas.

**Palabras clave:** geografía lingüística; áreas léxicas; portugués; gallego; español; ástur-leonés; *ALPI*.

### [en] Lexical Areas and Linguistic Domains in the Northwest of the Iberian Peninsula

**Abstract.** Language atlases are an excellent source of data about the geographical distribution of language varieties and how they interact, once they have mapped recurring variants in different areas associated with the same variable. Despite the value of such works and the wealth of information they provide to researchers in a range of linguistic subdisciplines, few studies have made use of them to explore contact between linguistic domains. Two reasons for this are the difficulty of processing cartographic data and a lack of awareness of the valuable information that such materials contain. This paper presents the results of an exploratory analysis of a small set of items in the lexical section of the part of

<sup>1</sup> Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela.  
Correo-e: [marta.negro@usc.es](mailto:marta.negro@usc.es); [xulio.sousa@usc.es](mailto:xulio.sousa@usc.es)

the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) that covers the northeast of the Iberian Peninsula, where several distinct Romance languages coincide. The selected lexical variants have to do with ten concepts involving parts of the human body. The results of an analysis of the linguistic variants are compared and related to previous studies of the borders between the language areas covered, in order to chart similarities and correspondences in the distribution of variants at different levels of geolinguistic analysis and to identify the distribution patterns of variants.

**Keywords:** Linguistic Geography; Lexical Areas; Portuguese; Spanish; Galician; Astur-Leonese; *ALPI*.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Materiais. 3. Análise dos datos. 3.1. *Testa*. 3.2. *Fontes*. 3.3. *Cella*. 3.4. *Pestana*. 3.5. *Queixada*. 3.6. *Queixo*. 3.7. *Costas*. 3.8. *Espiñazo*. 3.9. *Pulso*. 3.10. *Espigo*. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Negro Romero, M.; Sousa, X. (2019): “Áreas léxicas e dominios lingüísticos no noroeste da península ibérica”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, pp. 223-239.

## 1. Introducción<sup>2</sup>

Desde o mesmo nacemento dos estudos dialectais, as áreas xeográficas en que se produce a confluencia de distintos dominios lingüísticos chamaron de maneira especial a atención dos investigadores. Son numerosos os estudos dialectais e xeolingüísticos de finais do século XIX e principios do XX que se dedicaron a explorar as características lingüísticas nestas áreas de contacto (Schrambke 2010). E son tamén abundantes as investigacións no ámbito da lingüística histórica que repararon no interese lingüístico destas zonas entre dominios asociados a familias ou grupos lingüísticos diferenciados (Murray 2010). O dominio lingüístico iberorromance non foi alleo a esta tendencia, como o confirma o feito de que os territorios do leonés e do aragonés fosen escollidos como obxecto de estudo do fundador da filoloxía

hispanica, Ramón Menéndez Pidal, para os seus primeiros traballos de investigación (Fernández-Ordóñez 2009).

O estudo das áreas de contacto entre os dominios románicos reclamou o interese dos investigadores desde os primeiros desenvolvementos da filoloxía románica. Na península ibérica a distribución espacial das variedades románicas ofrece unha disposición que o profesor Gargallo considera singular no conxunto do panorama romance:

Presenta el conjunto de romances de la actual Península Ibérica una distribución espacial marcadamente distinta de la de otras parcelas de la Romania, como la galo-románica, o la italo-románica. A diferencia de ésta última, que atesora una diversidad interna gradual, de grado parejo desde el norte alpino hasta el meridional extremo de Italia (incluyendo Sicilia, y las islas de Cerdeña y Córcega), el solar romance peninsular opone un norte fragmentado (con diversos espacios románicos particulares) a un centro/sur mucho más uniforme, repartido básicamente entre modalidades de castellano (o español) y de portugués. Y a diferencia del bloque galorrománico estricto, cuyas dos mitades principales (Oc y Oil) ocupan respectivamente un sur y un norte separados por una frontera de orientación este/oeste (o viceversa), las dos fronteras más visibles, las de mayor longitud, de la Península Ibérica corren en dirección de norte a sur (o al revés, si se prefiere). (Gargallo 1995: 24)

Ademais deste investigador, son varios os autores que destacan que no terzo setentrional da península as diferenzas lingüísticas son graduais (de leste a oeste) e permiten a identificación de cinco variedades constitutivas, derivadas dos dialectos históricos do latín, que se estenderían, con diferente fortuna, cara ó resto da península en dirección norte-sur como

<sup>2</sup> O xermolo deste texto foi presentado como comunicación oral no *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique* (París, setembro de 2016). Ademais, o traballo é un resultado parcial dos proxectos “Contacto e cambio lingüístico en galego”, financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FFI2015-65208-P) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020), e “Variación y cambio en los dominios gallego y portugués en el siglo XX: análisis del habla rural a partir de materiales geolingüísticos” (financiado por MCIU/AEI/FEDER, UE; PGC2018-095077-B-C44). Marta Negro realizou parte da investigación relacionada con este artigo durante unha estada no Centro de Lingüística da Universidade do Porto ó abeiro do Programa Iacobus (2017-2018), impulsado pola Comunidade de traballo Galicia - Norte de Portugal co apoio da Unión Europea.

<sup>3</sup> A pertinencia desta delimitación vese confirmada por análises cuantitativas recentes do conxunto de variedades romances. O estudo de H. Goebel realizado a partir dunha pequena parte dos materiais do *ALPI* axuda a coñecer a distribución e as relacións de similitude que se establecen entre elas (Goebel 2013).

consecuencia das repoboacións e da reconquista (Veny 1982, Penny 2004, Sinner e Tabares 2014, Ossenkop 2018a)<sup>3</sup>. Neste extremo norte, a pesar do carácter continuo do dominio, era posible identificar cinco franxas lingüísticas, vinculadas con cinco diferentes reinos e condados, e que foron o berce de cinco variedades romances peninsulares identificadas polos estudos históricos e dialectais: galego, ástur-leonés, castelán, aragonés e catalán (Elvira 2006, Merlan 2007). O devir político dos reinos ibéricos e a conformación de variedades estándar nacionais determinou o diferente futuro destes dialectos constitutivos.

A pesar das diferenzas graduais e acumulativas no interior desa faixa norte, os estudos de dialectoloxía tradicional permitiron recoñecer a existencia de “dúas grandes fronteiras romances na península, occidental e oriental” (Gargallo 2014: 263-264; cf. Dubert 2017, Ossenkop 2018b). Eses lindeiros prominentes resultan da confluencia de isoglosas asociadas a variables fonéticas e gramaticais establecidas fundamentalmente a partir da investigación das variedades rurais máis tradicionais faladas no século XX nestas áreas. Os límites lingüísticos sitúanse preto dos extremos do dominio e corren de norte a sur: i) no oeste desde o occidente de Asturias ata as terras de Miranda (entre os dominios galego e portugués e ástur-leonés); ii) e no leste desde o val de Benasque ata a comarca da Baixa Llitera (entre os dominios do aragonés e do catalán). A caracterización destes límites aséntase no método da dialectoloxía tradicional baseado na identificación de trazos, fundamentalmente fonéticos que se consideran especialmente significativos. Para o espazo lingüístico ibérico, e a pesar dos estudos posteriores e das recentes revisións, a articulación das variedades segue a ter como fundamento principal a proposta realizada por Menéndez Pidal con base nos resultados de Ę/Ō tónicos latinos.

O noso traballo céntrase no estudo dunha zona peninsular que comprende varias destas franxas fronteirizas. Esta área comprende o cuarto noroccidental da península ibérica e abrangue zonas pertencentes a catro dominios (galego, portugués, ástur-leonés e castelán) e localidades de Galicia, rexións norte e centro de Portugal, Principado de Asturias, occidente de Castilla y León, norte de Cáceres e extremo occidental de Cantabria. O noso interese neste traballo é de tipo comparatista e naceu dunha pregunta que nos fixemos cando estabamos a traballar cos materiais léxicos do *Atlas*

*Lingüístico de la Península Ibérica*: se se recoñecen isoglosas de fenómenos fonéticos que corren paralelas e sobrepostas delimitando os dominios galego e portugués fronte ás variedades centrais próximas (ástur-leonés e castelán), seguirá a variación léxica esta mesma forma de distribución ou presentará un xeito de organización diferenciado? Considerabamos que os materiais do *ALPI* nos permitirían coñecer as consecuencias e o sentido do contacto entre as variedades rurais faladas ata a metade do século pasado nesta área da península. Neste sentido, debemos aclarar e precisar que o estudo parte da análise duns datos que non son os actuais. É común esquecer que a situación dialectal que encontramos en boa parte dos traballos de dialectoloxía presentes e na maioría de manuais de ensino dan conta dun panorama dialectal do pasado. As variedades que se presentan identifícanse a partir de testemuños lingüísticos que non son recentes nin corresponden coas variedades sociodialectais faladas pola maior parte da poboación. Polo tanto, a descrición que aquí se ofrece é a do panorama lingüístico correspondente á análise de variedades faladas no segundo terzo do século pasado por persoas adultas que vivían e desenvolvían a súa actividade diaria en zonas rurais do noroeste peninsular.

## 2. Materiais

Para realizar a nosa investigación empregamos como fonte documental os materiais do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, un proxecto de xeografía lingüística iniciado nas primeiras décadas do século pasado, de historia infausta, e non publicado na súa totalidade ata o momento (Sousa 2008, García Mouton 2012, García Mouton *et al.* 2016). A pesar dos reparos que se lles apoñen a estes materiais (a escasa densidade da rede de puntos e a diferenza temporal na recollida dos datos), resulta innegable que o *ALPI* é un tesouro insubstituíble para o estudo das variedades románicas peninsulares.

Por iniciativa do profesor David Heap, parte dos materiais deste proxecto comezaron a coñecerse e explotarse a partir de copias dos cadernos de campo consultables nunha páxina web de uso libre. O inicio dun proxecto de investigación coordinado polo CSIC, que ten como fin a edición electrónica, está a permitir desde xa hai uns anos a realización de traballos de análise que contribúen a un coñecemento máis profundo e completo da diversidade lingüística dos romances peninsulares e

da historia das súas relacións de contacto<sup>4</sup>. A información recollida nos cadernos de campo dá conta dun conxunto considerable de características fonéticas, morfosintácticas e léxicas das variedades rurais faladas nos distintos dominios peninsulares na primeira metade do século pasado, polo tanto permite coñecer a fondo a situación lingüística dun territorio que nos últimos sesenta anos sufriu transformacións profundas que afectaron de xeito directo á extensión e pervivencia destas variedades lingüísticas. Como sinala Morala con respecto ós límites orientais do ástur-leonés, unha investigación que partise da análise de datos actuais non permitiría recoñecer tan facilmente as isoglosas históricas entre os dominios lingüísticos peninsulares (Morala 2011).

O *ALPI* é un atlas desenvolvido segundo a metodoloxía máis tradicional da xeografía lingüística europea. O cuestionario está composto por máis de 1200 preguntas de fonética, gramática e léxico. Para este estudo seleccionamos un conxunto de cuestións léxicas referidas ás partes do corpo contidas no caderno IIE. Os nomes das partes do corpo pertencen ó conxunto de campos léxicos que integran o inventario léxico xenérico de todas as linguas, en tanto que fan referencia a conceptos ou ideas que se xulgan imprescindibles na linguaxe humana, dado que acompañan os seres humanos independentemente do medio que habiten. Ademais, as denominacións das partes do corpo considéranse un dos ámbitos léxicos máis resistentes ós cambios lingüísticos consecuencia do contacto entre variedades (do mesmo xeito que os nomes de parentesco, os nomes referidos a conceptos xeográficos, os pronomes, os interrogativos, etc.; cf. Matras 2009, Negro 2012). Dito doutro xeito, o campo escollido forma parte dese grupo de elementos léxicos que acostuman mostrarse como máis estables e resistentes ós efectos do contacto lingüístico entre variedades. Na selección inicial partimos de 15 conceptos que figuran na sección dos cuestionarios do *ALPI* correspondente ás partes do corpo. Por causa do estado incompleto da base de datos do proxecto e tamén pola abundancia de puntos sen resposta, finalmente restrinximos a escolla a dez denominacións que se corresponden cos termos comúns do galego:

*testa, fontes, cella, pestana, queixada, queixo, costas, espiñazo, pulso e espigo.*

A área estudada nesta análise corresponde, de xeito aproximado, co cuarto noroccidental da superficie peninsular, no cal están contidas 180 localidades da rede de puntos do *ALPI*, preto do 35% do total (529 puntos). Este territorio contén varias das zonas que os investigadores do *ALPI* consideraron de especial interese lingüístico pola súa “intensa diversidade dialectal” (*ALPI* 1962: 8).

Os datos das respostas ofrecidas nestes puntos para os dez conceptos escollidos tomáronse da base de datos en liña e de uso interno do proxecto *Elaboración y edición de los materiales del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (García Mouton *et al.* 2016). De acordo cos principios que se seguen neste proxecto, as respostas que figuran nos cadernos de campo son anotadas na base de datos na súa transcripción fonética (cos símbolos do AFI) e nunha representación con grafía convencional que conserva particularidades fonéticas e morfolóxicas de interese. Para a análise dos datos partimos desta última transcripción, polo tanto prescindimos das variacións de tipo fonético e morfolóxico que non consideramos relevantes para o estudo léxico das variantes. A representación da distribución de variantes que se ofrece nos mapas está realizada a partir dunha agrupación destas; deste xeito, por exemplo, na pregunta *queixo* agrupamos baixo a forma *barba* variantes como *barbela, barbadela, barbirote, barbillo*, etc.




Figura 1. Mapa da área estudada

<sup>4</sup> Na páxina actual do proxecto (<http://alpi.cchs.csic.es>) pode consultarse unha relación completa dos traballos de investigación derivados destes materiais.

### 3. Análise dos datos

Nesta epígrafe analizaremos a distribución das distintas variantes léxicas recollidas no *ALPI* para cada un dos dez conceptos relacionados co corpo humano coa finalidade de comprobar as continuidades e discontinuidades entre os dominios lingüísticos abranguidos nesta área. Parécenos interesante acompañar o estudo diatópico dunha perspectiva onomasiolóxica, que vén complementar as explicacións etimolóxicas ofrecidas ata o momento para estes conceptos. Veremos, como explican Blank e Koch (1999: 56), a existencia de principios de conceptualización e de estratexias de expresión que se repiten nas denominacións dos distintos conceptos e que, como sinalan os autores, se rexistran comunmente na historia do léxico das linguas románicas.

#### 3.1. Testa

As variantes rexistradas para a denominación da parte superior da cara situada entre as cellas e o cabelo distribúense en dúas grandes áreas homoxéneas: *frente*, presente na metade oriental do territorio estudado e parte de Galicia, e *testa*<sup>5</sup>, na área occidental (Figura 2). No territorio portugués rexístrase esta última como denominación única, forma compartida co galego; porén, en Galicia encóntrase tamén *frente* na costa occidental e na metade oriental<sup>6</sup>. *Testa* é común ademais en León e en puntos de Asturias e Zamora, onde ademais se rexistra como segunda resposta *frente*. Pola distribución pode supoñerse que *testa* se trata dunha

denominación galego-portuguesa e ástur-leonesa. No resto do territorio a denominación recollida é *frente* (do antigo *frunte*, procedente do latín *FRONTEM*, xa co mesmo significado). Con todo, á vista do mapa é doado verificar que a distribución das variantes sobrepasa os límites dos dominios lingüísticos considerados tradicionalmente. É preciso engadir que en dous puntos de Asturias e nun de León recolleuse como segunda resposta *cara*, non sabemos se co mesmo ou distinto significado.

Coromines e Pascual (1991-1997) indican que *testa* procede do latín *TĒSTAM*, orixinalmente con significado de ‘tella, ladrillo’, ‘cuncha de molusco ou tartaruga’ e que acabou por adquirir o significado figurado de ‘cabeza’. O paso da acepción ‘cabeza’ á de ‘frente’ é unha estratexia metonímica frecuente de conceptualización das partes do corpo nas linguas románicas:

Les langues romanes nous offrent donc quatre stratégies innovatrices de conceptualisation, à savoir les relations partie/tout (également un type de contiguïté) entre crâne et tête ou front et tête [...]. Les métonymies crâne/front > tête s'insèrent, à leur tour, dans un changement métaphorique de coupe/teson à crâne (Blank e Koch 1999: 64).

Como ben sinalan Blank e Koch, este é un exemplo de transferencia metonímica entre partes adxacentes da cabeza, como sucede tamén con *frente* e *cara*, nas que se repite a estratexia conceptualizadora da relación parte/todo.




Figura 2. Mapa das variantes de *testa*

<sup>5</sup> Baixo *testa* agrupamos a variante *tiesta*.

<sup>6</sup> Dos 51 puntos galegos do *ALPI*, en quince deles rexístrouse *testa* e *frente*.

### 3.2. Fontes

O segundo concepto analizado fai referencia a cada un dos lados da rexión temporal que se sitúan entre os ollos e as orellas. As denominacións que máis se repiten nos cadernos do *ALPI* para este concepto poden agruparse baixo os lemas *fontes*, *sens* e *vidayas*. Na visualización da distribución das variantes pode verificarse a existencia de tres áreas compactas e de diferente extensión (Figura 3). A de maior tamaño corresponde ós rexistros das denominacións *sen/sien*<sup>7</sup> e esténdese de forma continuada desde Galicia ata as localidades máis orientais da área. Tamén se recollen variantes desta forma nos puntos máis orientais de Asturias (*cienes*, *sienes*, *xenes* e *xienes*) e nun punto de Portugal (*sinas*, Rio de Onor). Nas localidades portuguesas recolleuse *fonte*<sup>8</sup>, a mesma forma que aparece en tres lugares contiguos do norte de Galicia. A terceira variante, *vidaya*<sup>9</sup>, é a forma máis común nas localidades asturianas e encóntrase en puntos lindantes do Bierzo e de Galicia. A distribución descontínua de *fontes* (Portugal e norte de Galicia), cabe interpretala como indicio da existencia dunha área galego-portuguesa continua que puido ser xebrada pola difusión dunha variante máis moderna (*sen*); o rexistro de moitas variantes formais no territorio galego (algunhas co ditongo *-ie-*) pode tomarse como argumento para esta hipótese.

A orixe de *sen/sien* é incerta. Coromines e Pascual (1991-1997) sinalan que probablemente

se trate dunha alteración do antigo *sen* ‘sentido, xuízo, intelixencia’, rexistrado con esta acepción en textos medievais tanto do galego como do castelán, e tomado á vez do xermánico occidental *SĪNN* ‘senso, tino’. En castelán, o vocábulo sería percibido como un derivado do verbo *sentir*, de onde se explica o ditongo *sien*. No textos do *Tesouro Medieval Informático da Lingua Galega* (Varela 2004-) figura *sen* coa acepción de ‘xuízo’ e no *Diccionario de dictionarios* atéstase xunto a outras variantes (*ene*, *cen*) en diversas obras lexicográficas para referirse á parte da cabeza a partir do século XIX. Porén, no *Corpus del Nuevo Diccionario Histórico del Español*, *sienes* denomina a parte do corpo xa en textos do século XIII. O paso de ‘sentido, xuízo’ ó de ‘partes laterais da cabeza’ explícase pola crenza que existe a nivel popular de que a intelixencia reside nas fontes. De feito, cando se quere indicar que alguén está falto de xuízo, facemos xirar o dedo índice sobre esta parte da cabeza.

As variantes *fontes* (FONS, FONTIS ‘nacente’) e *vidayas* (VĪTĀLĪA –CAPĪTIS– ‘partes vitais, imprescindibles para a vida’) teñen orixe en formas latinas e fan referencia no sentido á relevancia desta parte do corpo para a vida (un golpe nesta zona pode chegar a ser mortal). En localidades de Portugal a forma recolleuse formando parte do lexema *fontes da cabeça*, posiblemente por considerar necesaria unha especificación para resolver a polisemia da palabra.

Nun punto de León recolléronse as formas *templeras* e *tempreras*, procedentes do latín




Figura 3. Mapa das variantes de *fontes*

<sup>7</sup> Agrupamos baixo *sen* as variantes *ene(s)*, *iene(s)*, *cens*, *ces*, *cienes*, *ciens*, *cies*, *senes*, *sens*, *ses*, *siene(s)* e *siens*.

<sup>8</sup> Baixo *fonte* incluímos as variantes *fontes da cabeza*, *fontos*, *fountes*, *fuantes* e *fountes*.

<sup>9</sup> *Vidaya* agrupa as formas *medaya*, *midayas*, *vedayas*, *vedoyas*, *vidachas*, *vidayes* e *virayas*.

TEMPORALIS (derivado de TEMPUS, -ŌRIS ‘sen’). Esta variante encóntrase rexistrada tamén no *Pallabreru Llionés*. Coromines e Pascual (1991-1997) sinalan que *templa* ‘sen’ é unha forma estraña ó castelán. Con todo, consultando o *Mapa de diccionarios* da Real Academia Española encóntrase que esta forma figurou nalgúns dicionarios da RAE e sen ningunha marca de ser localismo. É de notar que Eladio Rodríguez no seu dicionario rexistra a voz *tempas* co significado de ‘sens’ e de ‘tapas laterais das cubas’ (Santamarina 2003).

En territorio galego rexístrase nun punto a forma *testa*, aínda que coa indicación de que nese lugar “no distinguen, llaman a todo *testa*”. Cabe interpretala como un caso de metonimia motivada pola contigüidade física entre a fronte e as sens.

### 3.3. Cella

As dúas denominacións máis comúns para nomear o conxunto de pelos en forma de arco por enriba de cada ollo teñen orixe en formas latinas que comparten unha mesma base léxica, ČĪĻŪM (*cella, celha, ceya* e *ceja*) e SUPERCĪĻŪM (*sobrecella, sobranclha* e *sobreceyu*). No territorio distribúense en dúas áreas descontinuas (Fig. 4).

A variante *sobranclha*<sup>10</sup> está presente en practicamente todo o territorio portugués, a excepción dalgún punto limítrofe coa fronteira española onde se rexistra *celha* e dos tres puntos de *francelha*<sup>11</sup>. En Galicia encóntranse ocorrencias de *sobrecella*<sup>12</sup> na metade occidental limítrofe con Portugal e a súa presenza esténdese por unha área occidental máis ou menos continua e costeira ata a ría de Viveiro no norte de Lugo. En León, Asturias e un punto oriental de Galicia a variante *sobreceyu*<sup>13</sup> constitúe unha especie de illa compacta. Esta distribución suxire que a extensión de *sobrecella* puido ser maior e acabou sendo substituída por *cella, cexa* ou *ceja*. No resto do territorio estudado rexístranse variantes derivadas de ČĪĻŪM: *celha, cella, ceya, cea* e *ceja*. No punto galego de Santa María de Oleiros anotouse a forma metafórica *canga da cara*.

No caso de *sobrecella* é preciso sinalar unha diferenza morfolóxica entre o territorio galego-portugués e o ástur-leonés: no primeiro, rexístranse sempre variantes femininas, procedentes de SUPERCĪĻĪA, e, no segundo, predominan maioritariamente as masculinas, derivadas de SUPERCĪĻŪM. Por outra parte, en Galicia e Portugal as respostas recollidas están




Figura 4. Mapa das variantes de *cella*

<sup>10</sup> Decidimos agrupar baixo a forma estándar *sobranclha* as numerosas variantes existentes para designar esta parte do ollo en portugués: *sarbancelhas, saubrecelhas, saumbocelhas, sebanclhas, sebrancelha(s), sebracielhas, sebrancelhas, serbacelhas, serbaucelhas, serebacelhas, serbancelhas, sebercelhas, serbecelhas, serbecielhas, serbeicelhas, sobracelha(s), sobrancielhas, sobrecelhas* e *sombrancelhas*.

<sup>11</sup> Baixo *francelhas* incluímos *francelhas*.

<sup>12</sup> A forma estándar *sobrecella* agrupa as variantes *brancellas, nubercellas, seborcella, seborcellas, soborcellas, soborcexas, sobrancellas* e *sobredoncellas*.

<sup>13</sup> A voz *sobreceyu* agrupa as variantes *sobrecechiu, sobrececho, sobrocecho, sobreceño, sobroceño, subrucechu, subruceju, subrucello, soceyos, sobreceja, sobroceyas* e *sobrecexas*.

case todas en plural e en Asturias e León, en singular<sup>14</sup>.

A orixe da voz *cella*, como explica Juliá (2007: 153-157), é controvertida. Semella que o significado orixinal en latín de *CĪLIUM* foi ‘pálpebra’, con antecedentes no indoeuropeo, posto que a raíz \**kel-* da que deriva o étimo latino posuía un significado (‘cubrir, protexer’) estreitamente relacionado coa función da pálpebra en relación ó globo ocular. O significado co que este étimo chegou ás distintas linguas románicas varía (cf. Figura 5) e neste proceso de mudanza influíu tanto a existencia de dúas formas latinas que significaban ‘pálpebra’ (*GENA* e *PALPEBRA*), como a do derivado *SUPERCĪLIUM* ‘cella’ (estaba por riba do *CĪLIUM*), ó considerarse a preposición *SUPER* un elemento prescindible e que o significado ‘cella’ só estaba contido na segunda parte da palabra. André considera que esta confusión tivo lugar xa no latín, onde *CĪLIUM* tería tres significados (‘pálpebra’, ‘cella’ e ‘pestanas’), consecuencia dun proceso de metonimia espacial orixinado pola dificultade á hora de delimitar as distintas partes do ollo:

Avec les paupières, les cils et les sourcils on a affaire à une terminologie fluctuante entre des parties de la tête situées toutes dans un plan vertical au voisinage les unes des autres, de la base du front à la joue, tantôt distinguées, tantôt confondues, sujettes à des interférences et à des glissements de sens. (André 1991: 44)

### 3.4. *Pestana*

O cuarto concepto analizado fai referencia ós pelos que nacen nos bordos das pálpebras. As variantes distribúense en tres áreas facilmente identificables na Figura 5. A área maior corresponde ás formas cognadas de *pestanas*<sup>15</sup> (*pistaña* e *pestaña*) e as dúas menores, situadas no interior, ás formas *perfeba*<sup>16</sup> (en Galicia) e a *ceja*, *ceya* e *celhas*<sup>17</sup> (en Asturias, León, Zamora e na localidade portuguesa de Rio de Onor). A variante *pestanas* recolleuse en todos os dominios lingüísticos do territorio analizado, mentres que as outras dúas formas constitúen dúas illas dentro deste espazo.

A orixe de *pestanas* non está clara, aínda que Coromines e Pascual (1991-1997) mencionan un posible étimo indoeuropeo, seguramente sánscrito (\**PĪSTANNA* o \**PESTANNA*), que podería significar ‘excrecencia que se desprende do ollo’ e que posteriormente pasou a facer referencia a calquera elemento que pendura do ollo (Juliá 2007: 258).

A forma galega *perfeba*, segundo Coromines e Pascual (1991-1997), deriva de *PALFĒBRA*, variante vulgar do latín *PALPĒBRA*, con influencia do substantivo *FĪBRA*. Juliá (2007: 261) interpreta que é moi probable que *PALPĒBRA* significase inicialmente ‘pálpebra’ e ‘pestanas’ e que depois a variante galega *perfeba* pasase a designar soamente as pestanas.




Figura 5. Mapa das variantes de *pestanas*

<sup>14</sup> Juliá (2007: 173) sinala que no *Atlas Lingüístico Galego* as variantes de *sobrecella* están basicamente en singular e no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, en plural, pero verificamos que existe unha diferenciación por áreas entre singular e plural, coincidente coa de feminino e masculino, no propio *ALPI*.

<sup>15</sup> *Pestana* agrupa as variantes *pestanas*, *pestaña(s)*, *pestenas*, *petaña(s)*, *pistanas*, *postanas* e *pustanas*.

<sup>16</sup> *Perfeba* agrupa as variantes *percebas*, *prefeba(s)*, *prefebas*, *porfegas*, *profegas* e *profebas*.

<sup>17</sup> Nesta área rexístranse as variantes *cechas*, *ceichas*, *cejas*, *cellas*, *cenis*, *cequias*, *cexas*, *ceya* e *ceyes*.



Os derivados de *CĪLĪUM* co significado de ‘pálpebra’ son característicos da zona oriental da área ástur-leonesa. O desprazamento na denominación das partes do ollo, como sinalamos na epígrafe anterior, ten as súas orixes nun proceso metonímico ocorrido no propio latín. Ó comparar a distribución xeográfica das variantes para ‘cella’ e ‘pestanda’, verificase que onde *cella* se emprega co significado de ‘pestanda’ se utiliza *sobreceyu* para designar as ‘cellas’<sup>18</sup>.

Nun punto asturiano (Malveda) rexístrase a variante *cernechas*, que debe estar relacionada coa acepción ‘flocos’ que se lle dá a esta voz en puntos de León. García Arias (2007: 140) relaciónaa con *cerneyu* ‘pelo enredado en cualquier parte del cuerpo del animal’, ‘mata de pelo enredado y vizoso’, ‘guedeya de pelo o llana’, do latín *CERNUUS*, -A, -UM ‘qu’inclina la tiesta’, ‘qu’inclina o cai p’alantre’. Concretamente, derivaría do diminutivo \**CERNICULUS* ‘criba’, que xustificaría o asturiano *cerneyu*, alén da creación analóxica feminina *cerneya*. A relación con *criba* está xustificada metaforicamente, xa que as pestanas non deixan de ser unha especie de rede que impide o paso de impurezas ós ollos.

### 3.5. *Queixada*

As denominacións predominantes na área analizada para designar cada un dos dous ósos da

boca en forma de arco, en especial o inferior, onde están incrustados os dentes son os cognados *queixada* e *quijada*<sup>19</sup>, procedentes do latín vulgar \**CAPSĒUM* ‘semellante a unha caixa’, derivado do latín *CAPSA* ‘caixa’ e *CAPSUS* ‘armazón de carruaxe’, ‘semellante a unha caixa’. Estas variantes esténdense de forma continua por case todo o territorio analizado, a excepción dunha área compacta da variante *carrillera*<sup>20</sup> na zona suroeste. A voz *mandíbula*, común nas variedades do centro da península, só aparece como resposta única nun punto e como segunda resposta, noutros tres (Figura 6).

*Mandíbula*, voz procedente de *MANDIBULA*, -AE, de *MANDERE* ‘mastigar’, sempre se utilizou co significado de ósos da boca, pero debemos sinalar que se produciu unha mudanza entre referentes contiguos no propio latín á hora de designar estes ósos e as partes carnosas da cara situadas debaixo dos ollos. O orixinario *MAXĪLLA* ‘mandíbula’ derivou nos actuais *meixela* e *mejilla*, xa con outro significado. No *Tesoro* de Covarrubias (1611) *mejilla* preséntase como equivalente aínda a *mandíbula*, en consecuencia testemuña o inicio do cambio semántico, como sinala García-Borrón (2013: 83): “Maxilla: hueso del rostro en que están encaxados los dientes y muelas, y algunas veces se toma por la parte exterior”. Na edición do *Diccionario da Real Academia Española* de 1817 recóllese a acepción ‘queixada’ para




Figura 6. Mapa das variantes de *queixada*

<sup>18</sup> En Felechosa (Asturias), Pio de Sajambre (León) e Cubo de Benavente (Zamora) utilízanse os derivados de *CĪLĪUM* tanto para ‘cella’ como para ‘pestanda’.

<sup>19</sup> Baixo *queixada* e *quijada* agrupamos as variantes formais *caixada*, *caxá* (de baxo), *caxada*, *caxaes*, *queixadas*, *queixal*, *queixais*, *queixao*, *queixelo*, *queixo(s)*, *quejada*, *quejá(s)*, *quexada*, *quexalis*, *quexaes*, *quixaes*, *quexás*, *quijadas*, *quijá(s)*, *quixadas* e *quixás*.

<sup>20</sup> *Carrillera* agrupa as variantes *carrilla*, *carrilleira*, *carrilleras* e *carrillo*.

*mejilla*, pero coa indicación de que é unha forma antiga. *Carrillo*, forma da que deriva *carrillera*, tamén significou antigamente ‘queixada’ e acabou designando, igualmente por un proceso metonímico, as partes carnosas da cara situadas debaixo dos ollos. Os datos que se rexistran no *ALPI* axúdannos a confirmar estas interpretacións da historia e evolución das palabras.

Por último, rexístrase nun único punto do Bierzo a variante *calasnias*. No *DALLA* figura a forma *callasna*, que remite a *calláxina* ‘caxada, güesu [de la boca de les persones, de los animales onde encaxen los dientes, les muelas]’. García Arias (1997: 336) indica que habería que pensar nun composto *cum lagenas* ‘pedras conxuntas’, ‘pedras encaixadas’ > \**co lagenas* > *calláxinas*.

### 3.6. Queixo

As variantes asociadas á denominación da parte sobresaínte da cara correspondente ó maxilar inferior agrúpanse baixo as formas máis comúns *barba*<sup>21</sup>, *queixo*<sup>22</sup>, *papo*<sup>23</sup> e *bico* (Figura 7). *Barba* é a variante con maior presenza e ocupa algo máis da metade oriental do área analizada; ademais, aparece en Portugal e puntos de Galicia. As formas vinculadas con *queixo* son comúns no extremo occidental e repártense polo territorio de Galicia e Portugal. A variante *papo* localízase nunha zona interior situada entre o norte de Portugal e o surlleste

de Galicia. *Bico* é denominación exclusiva do noroeste galego.

A utilización de *barba* (do latín BARBA ‘pe-lo na cara’) para referirse a esta parte do corpo responde a unha conceptualización prototípica (Blank e Koch 1999). No Baixo Imperio e na Idade Media o prototipo de ser humano era o home, non a muller, de feito, *home* equivale a ‘ser humano’ debido a un proceso de cambio semántico. Segundo estes autores, os homes acostuman a ter barba cubríndolles a parte da cara correspondente ó ‘queixo’, e de aí que *barba* pasase a adquirir un novo significado: “la dénomination du MENTON s’intègre donc dans un stéréotype plus général dont le caractère stéréotypique est ainsi renforcé” (Ibid. 62).

A variante *queixo* comparte orixe con *queixada* (lat. CAPSA ‘caixa’ e CAPSUS ‘semellante a unha caixa’) e mesmo, como se anotou antes, se utiliza con idéntico significado. O contraste entre os mapas das figuras 6 e 7 permite comprobar a complementariedade na distribución das formas.

*Papo* (derivado de *papar* e relacionado en orixe co latín PAPPA ‘comida’) é outro exemplo de extensión metonímica como os vistos anteriormente; xa que esta voz se usa tamén para designar a zona avultada e carnosa situada debaixo do queixo. Explicase do mesmo xeito *fucicu* (derivado de *fozar*, do latín vulgar \*FO-DIĀRE ‘cavar’), denominación que se rexistra na provincia de León.




Figura 7. Mapa das variantes de *queixo*

<sup>21</sup> *Barba* agrupa as variantes *balbirote*, *barbadela*, *barbadiella*, *barbarote*, *barbela*, *barbillo* e *barbirote*. Para unha análise detallada da distribución das variantes en Galicia pode consultarse o traballo de Dubert e Sousa (2002).

<sup>22</sup> Baixo *queixo* incluímos *caixelo* e *queixelo*.

<sup>23</sup> *Papo* agrupa as formas *paparigote* e *papirote*.

Por último, encontramos formacións metafóricas creadas pola similitude formal co referente como a voz galega *bico* (derivada do celta BECCUS ‘parte saínte da cabeza das aves’), *pêro* (‘froitado pereiro, variedade de maceira’), no territorio portugués, e *cacín* (diminutivo de *cazu* ‘cazo, recipiente onde se quenta a auga ou leite; tixola’) en Asturias. Cabe incluír neste grupo a forma castelá *mamola*, xa que segundo a información ofrecida no DCECH, provén de MAMMA ‘peito, seo’, ó igual que outros derivados que conservan esta acepción.

### 3.7. Costas

As variantes para designar a parte posterior do corpo humano que vai dos ombreiros ata o van son fundamentalmente dúas: *costas* e *espalda* (Figura 8). A primeira ocupa o territorio de Portugal e algunhas zonas contiguas do sur de Galicia e aparece como segunda resposta noutras localidades galegas. A forma relacionada *costilla*<sup>24</sup> encontrámola en León e Salamanca e no mapa represéntase xunto a *costas*, por tratarse dun derivado desta voz. A denominación *espalda*<sup>25</sup> é común na metade oriental do territorio analizado e en gran parte de Galicia. En puntos de Galicia, León e Asturias tamén se rexistra *lombo*<sup>26</sup> co mesmo significado.

*Costa* procede do latín COSTA ‘costela, costado’, como sinalan Coromines e Pascual (1991-1997), e dela deriva a variante *costilla*,

que se recolle como unha voz coloquial ou familiar con este significado nas distintas versións do *Diccionario de la Real Academia Española*. Xa no latín pasou a designar a parte posterior do corpo humano dos ombreiros ó van, acepción que se consolidou no plural *costas* (do mesmo xeito ca *espaldas*), posiblemente por estar constituída por dúas partes simétricas.

*Espalda* deriva de SPATŪLA, que ademais de significar ‘pa de certos instrumentos’ tiña o significado de ‘omoplata’. No latín vulgar, pola coincidencia no significado e polo parecido formal, acabou por substituír a forma clásica SCAPŪLA ‘ombreiro, omoplata’ –de onde vén o *óso escapular*– tanto para designar a zona superior das costas como as omoplatas. No galego e no portugués *espádoa* e *espádua*, respectivamente, figuran nos dicionarios para designar as omoplatas e os ombreiros<sup>27</sup>. En castelán moderno *espalda* utilízase para denominar a zona dorsal que vai dos ombros ata a cintura.

*Lombo* deriva do latín LŪMBUS ‘parte inferior e central das costas’, procedente da raíz \*LONDH<sup>w</sup>OS (Coromines e Pascual 1991-1997), base de voces esclavas e xermánicas portadoras dos significados ‘lombo’ e ‘ril’. Esta forma é frecuente para referirse á rexión do corpo onde se producen as dores lombares, como indica André (1991: 231), e por un proceso de metonimia, compartido por todas as voces rexistradas, acabou por designar a parte posterior ata os ombreiros.




Figura 8. Mapa das variantes de *costas*

<sup>24</sup> No ALPI rexístranse, ademais da variante *costilla*, *costiellas*, *custiellas* e *custilleira*.

<sup>25</sup> *Espalda* agrupa as formas *espádua*, *espaldas* e *espaldra*. *Espádua* recolleuse nun punto portugués fronteirizo coa provincia de Salamanca, polo que esta acepción pode vir dada pola influencia do castelán.

<sup>26</sup> Baixo *lombo* agrupamos *lombo* e *llobu*.

<sup>27</sup> No *Diccionario de la Real Academia Galega* só se recolle o significado ‘omoplata’, pero ó consultar *espádua* no *Diccionario de dicionarios* tamén encontramos o de ‘ombreiro’.

### 3.8. *Espiñazo*

As denominacións recollidas nos cadernos para a columna vertebral son abundantes e variadas, a pesar de que os cognados *espiñazo*<sup>28</sup>, *espinhaço*<sup>29</sup> e *espinazo*<sup>30</sup> se rexistran como variantes máis comúns e compartidas por todos os dominios lingüísticos (Figura 9). Na zona galega e ástur-leonesa a diversidade de formas é máis salientable. En Galicia e localidades de León recóllense formas vinculadas con *cerro*<sup>31</sup> e *cernizo*<sup>32</sup>; nunha pequena área, máis ou menos central con algún punto situado no sur, a voz castelá *riñón*<sup>33</sup>; e no nordeste as voces *aro do lombo*, *canliño do lombo* e *carreiro das costas*. Na área ástur-leonesa verificamos a existencia dunha zona compacta de variantes vinculadas con *renazo*<sup>34</sup>, con relación coa palabra *riñón*.

As distintas variantes existentes responden a procesos metafóricos nos que a columna vertebral é comparada coa espiña central dos peixes (*espiñazo*), cunha pequena elevación do terreo (*cerro*), coa cerna dunha árbore (*cernizo*), cun aro (*aro do lombo*), cun camiño estreito (*carreiro*), cunha canle (*canliño do lombo*, *canliño do espiñazo*), cun fío (*fío do lombo*) e coas doas que conforman un rosario (*rosario del espinazo*). Categorízanse á parte *riñón*

e *renazo*, procedentes do latín vulgar *RENIO*, *-ŌNIS* (derivado de *REN*, *-IS*), xa que a utilización do nome dos órganos situados na rexión lumbar, ós lados da espiña dorsal, que segrega a urina, para referirse á columna vertebral, responde ó mesmo proceso metonímico que se observa para os outros conceptos analizados. Esta extensión compróbese noutras linguas romances, nas que se rexistran usos das formas correspondentes a *ril* para denominar a rexión lumbar; de feito, na lingua falada é común que as persoas indiquen que sofren dores de riles para sinalar dores lombares. A proximidade entre os riles e a columna vertebral, parte central do lombo, levou a que se usasen estes nomes para designar tamén o espiñazo.

### 3.9. *Pulso*

As variantes para denominar a parte en que o brazo se articula coa man son *muñeca*<sup>35</sup> e *pulso*<sup>36</sup>. A primeira aparece nas localidades da parte oriental do territorio e en máis da metade dos puntos galegos; é tamén frecuente como segunda resposta neste dominio (Figura 10). A segunda forma rexístrase en Portugal e na metade suroccidental de Galicia; ademais aparece nunha pequena área compacta limítrofe con Asturias e nun punto do norte.




Figura 9. Mapa das variantes de *espiñazo*

<sup>28</sup> *Espiñazo* inclúe as formas *espiña*, *espiña do lombo* e *espiño*.

<sup>29</sup> *Espinhaço* agrupa as variantes *espinhaço*, *espinha*, *espinha do cerro*, *espinheço* e *espinhescos*.

<sup>30</sup> Baixo *espinazo* incluímos *espiazo*, *espenazo* e *espinezo*.

<sup>31</sup> *Cerro* agrupa as variantes *cerrallón*, *cerrielo*, *cerritán*, *cerrizo*, *cerro do lombo*, *cerrón do lombo*, *cirrizo*, *sarritán*, *sarrizo*, *serricio*, *serrizo* e *zarrizo*.

<sup>32</sup> Baixo *cernizo* incluímos *cerneguizo*.

<sup>33</sup> Baixo *riñón* incluímos a forma *roñón*.

<sup>34</sup> *Renazo* agrupa as variantes *renal* e *renaz*.

<sup>35</sup> Baixo *muñeca* agrupamos as variantes *boñeca*, *buñeca*, *moneca*, *moñeca*, *muneca* e *muñecra*.

<sup>36</sup> En Rio de Onor, punto fronteirizo con Zamora, tamén se rexistra *munecra*.

Esta parte do brazo non ten na maioría das linguas unha denominación específica, como sinala André (1991: 95); de feito, en latín parece que non existía unha voz propia para designala. A variante *pulso* (< PULSUS ‘impulso, movemento, choque’) está relacionada co nome que reciben os pequenos golpes rítmicos do sangue ó circular polas arterias, que poden ser percibidos con facilidade nesta parte do corpo. A pesar de ser voz recollida en repertorios dialectais dalgúns variedades do español, non se considera forma común, xa que no *DALLA* non se recolle esta acepción para *pulso*.

A orixe da palabra *muñeca* non está moi segura. Coromines e Pascual (1991-1997) propoñen que se trata dunha voz de orixe prerromana, cognada do portugués *boneca*, polo que se considera que a base común tivo que ser \*BONNĪCA, resultante por asimilación de \*BODINICCA, derivado de BODĪNA. Sinalan que inicialmente significaba ‘fito, marco’ e desta acepción, a partir da idea de protuberancia, pasouse á de ‘articulación avultada da man co brazo’. Polo tanto, producíase unha primeira mudanza metafórica e, posteriormente, por un proceso de metonimia espacial, o nome dado ó vulto pasou a designar toda a articulación que une a man co brazo.

### 3.10. *Espigo*

A última variable estudada é a que presenta unha maior variedade denominativa. Son moitas as formas diferentes que se recollen para designar o anaco de pel que se levanta na carne que rodea as uñas das mans e con frecuencia causa molestia e dor. A variante *espigo*<sup>37</sup>, derivada do latín *ESPĪCA*, ten forte presenza nos catro dominios lingüísticos (Figura 11). En Galicia é onde encontramos unha maior diversidade de formas. A voz *garfo*<sup>38</sup> rexístrase no sueste do territorio, *farpa* no suroeste e *repelo*<sup>39</sup> na costa occidental. Ademais, figuran nos cadernos outras voces con un ou dous rexistros<sup>40</sup>: *esguizo*<sup>41</sup>; *refilón*; *espunlla*, compartida co asturiano (*espuncia*); *espiña*, voz tamén existente en Portugal (*espinha* e *espinho*); *apegoto* e *cabirta*. No territorio portugués, para alén da forma maioritaria, rexístrase na zona centro *esporão* (cognada de *espolón*, presente en localidades non portuguesas), e no sur, *espinho*, *escádia* e *endemigo*. Fóra de Portugal, no suroccidente do territorio analizado encontramos unha área de *enemigo*<sup>42</sup>, outra de *enteno* e unha última de *padrasto*<sup>43</sup>. Ademais, aparecen noutros puntos formas únicas como *gavilán* e *mentira*. En localidades de Asturias encontramos *uñeru*, xunto á variante maioritaria.




Figura 10. Mapa das variantes de *pulso*

<sup>37</sup> Baixo *espigo* agrupamos as variantes formais *espigas*, *espigão*, *espiga*, *espigón*, *respelón*, *respellón*, *respellones*, *respillón*, *respillones*, *respigão*, *respigo*, *respigón*, *respigu(s)*, *respingón* e *respiñón*. En galego, ástur-leonés e variedades do castelán as variantes son masculinas; en portugués alternan masculinas e femininas.

<sup>38</sup> *Garfo* agrupa *garfexo*, *garfio* e *garfiloto*.

<sup>39</sup> Baixo *repelo* incluímos *repelisco*.

<sup>40</sup> Na representación cartográfica (Figura 11) agrupamos as formas menos frecuentes, con un ou dous rexistros, para facilitar a visualización da variación denominativa existente para esta parte do corpo.

<sup>41</sup> *Esguizo* agrupa a forma *esguerzo*.

<sup>42</sup> *Enemigo* agrupa *enimiguillo(s)*.

<sup>43</sup> Baixo *padrasto* incluímos *padrastos* e *padrastu*.




Figura 11. Mapa das variantes de *espigo*

As voces rexistradas responden fundamentalmente a procesos metafóricos. *Espiga* posúe significados diversos: ‘estela que se crava na carne’, ‘saínte dunha peza’, ‘pequena raíz’, ‘punta de ferro e madeira’ (estas dúas acepcións recóllense para o portugués no dicionario *Priberam*) ou ‘aguillón dunha abella’ (un dos significados que ofrece o *DALLA* para *respigón*), entre outros. Todos gardan relación con este anaco de pel que é como unha estela ou aguillón cravado no dedo ou unha punta pequena. O uso de *repelo* compréndese polo significado desta voz como ‘filamento que se levanta dunha superficie de madeira ou doutro material’. *Garfio* aparece no *Diccionario de diccionarios* como variante de *garfelo* ‘estela’, ‘aguillón da cobra’, ‘póla pequena’; ó igual que *esguizo* ‘estela moi fina que se pode cravar na man’, idea que se repite en *espiña*, xa que é unha puga dura e aguda que, de cravarse na man, pode provocar a mesma dor que este pequeno pelecillo. O sentido de punta, gancho ou ferro curvo está igualmente presente en *farpa* ‘cada unha das puntas en que remata unha bandeira’, *gavilán*, que denomina, como sinalan Coromines e Pascual (1991-1997), distintos obxectos de forma ganchuda ou saínte, e *cabirta* ‘ferro ou pau saínte de distintos aparellos’. O mesmo trazo significativo aparece en *esporón*, por similitude coa ‘estrutura saínte nun tecido’ ou a ‘especie de uña que lle sae na parte posterior do tarso ó galo e outros machos galináceos’, e *espunlla* ‘especie de tumor, úlcera’ ou ‘vulto pequeno que se forma na pel’. O portugués *escádia* encontra a súa motivación no filamento co que a vide se vai asindo.

O feito de que este anaco de pel cause dor e molestias pode estar na motivación doutras das denominacións. As voces *enemiguillo*,

*entena* (‘fillastro’), *padrasto* e *mentira*, como indica Germà Colón (2003: 371), “responden a una creencia supersticiosa sobre el carácter maligno o negativo que ha causado la aparición de la cutícula, son la manifestación de un odio o encono del que es víctima quien padece esta afección cutánea”.

#### 4. Conclusións

Tras a análise das voces rexistradas para os distintos conceptos é posible establecer unha serie de conclusións provisionais en canto á distribución xeográfica das variantes e ós mecanismos conceptualizadores recoñecidos nas designacións. Se reparamos nas representacións cartográficas da variación lingüística no espazo analizado e temos en conta as lindes lingüísticas e políticas internas cabe recoñecer tres padróns de distribución das formas léxicas.

O primeiro é o que máis se repite e descóbrense para os conceptos que presentan dúas variantes fundamentais: *testa*, *sens*, *cellas*, *pulso* e *costas*. Nestes casos unha das variantes aparece no territorio portugués (de forma homoxénea) e, con extensións de distinto alcance, en zonas de Galicia e en áreas contiguas. A variante complementaria esténdese pola metade oriental do territorio estudado e por Galicia, tamén de forma desigual, aínda que con certa continuidade. O xeito de se distribuíren as dúas variantes pode interpretarse como indicio dun desprazamento de formas occidentais que van sendo substituídas por palabras comúns con orixe na área oriental. A existencia de illas e áreas descontinuas de variantes occidentais compartidas co portugués, de xeito especial no territorio galego, semella a mostra

de restos dunha situación antiga que muda como resultado da difusión das formas orientais. Se reparamos na distribución das variantes e nos límites entre os territorios, é fácil percibir que as fronteiras lingüísticas entre algúns dominios (galego/ástur-leonés/castelán) resultan ser ben máis permeables ca as políticas (España/Portugal) a este movemento. A fronteira entre o estado portugués e o español semellaba funcionar, xa no tempo en que foron recollidos os datos do *ALPI* e para estas voces, como un límite infranqueable para a difusión das formas. Son varios os autores que destacan que os límites políticos desempeñan nos tempos máis recentes un rol transcendente nos procesos de converxencia e diverxencia dialectal (Woolhiser 2011, Auer 2018).

O segundo padrón de distribución aprécia-se para *pestana*, *queixada* e *espiñazo*. Á luz das visualizacións compróbase a existencia dunha variante maioritaria e compartida nos catro dominios. Ademais, no interior do territorio aparecen outras voces con menor difusión e con distribución non coincidente. Estas formas secundarias organizanse en áreas que non están limitadas nin identificadas polos límites lingüísticos tradicionais que separan os dominios lingüísticos abranguidos na área analizada, pero que tampouco traspasan as fronteiras políticas estatais.

En último lugar, a representación da distribución das variantes correspondentes a *espiga* e *queixo* evidencia unha maior diversidade nas formas e na súa distribución no territorio. Con todo, recoñécense similitudes coas denominacións asociadas ó primeiro padrón, xa que existen voces tipicamente occidentais e outras orientais. Nestes casos pode apreciarse unha certa coincidencia entre os límites das áreas léxicas e os límites lingüísticos que tradicionalmente marcan a fronteira entre as variedades centrais (ástur-leonés e castelán) e occidentais. Porén, debe advertirse que a coincidencia non é exacta e correspóndese só cos territorios ó norte da área (límites entre galego e ástur-leonés); este límite está situado máis cara ó occidente ca a fronteira lingüística entre as variedades determinada pola dialectoloxía tradicional. Semella tamén que no reparto e difusión das variantes asociadas a estas voces, e a diferenza do sinalado anteriormente, o límite político tivese moita menos transcendencia.

Ademais das consecuencias que se poden tirar das similitudes na distribución das formas léxicas, a análise xeolingüística permite recoñecer que os límites lingüísticos identificados

tradicionalmente entre os dominios lingüísticos da zona estudada teñen unha transcendencia moi limitada na identificación das áreas léxicas (cf. Álvarez 2014 e 2015). O bordo entre as variedades de galego e as variedades orientais resulta moito máis permeable ca a fronteira política entre España e Portugal. Mentres o espazo portugués se mostra máis homoxéneo e con menor diversidade, o resto do territorio occidental, no que durante séculos levan convivindo variedades autóctonas con variedades do castelán, obsérvase como máis predisposto ás consecuencias do contacto entre variedades.

Desde a perspectiva da análise semántica, os datos estudados dan conta da relevancia dos dous mecanismos principais de creación léxica: a metáfora (*fonte*, *vidayas*, *cernecha*, *espiñazo*, *cernizo*, *cerro do lombo*, *pulso*...) e a metonimia espacial (*costas*, *lombo*, *barba*, *carrillo*, *testa* 'sens'...). Nalgunhas das formas recollidas combínanse os dous procesos, pois voces que se orixinaron con procesos metafóricos acabaron por designar outra parte do corpo contigua, como ocorre con *muñeca* ou *testa*. Ademais, nalgúns casos, como sucede coas voces existentes para as partes do ollo, a metonimia xa tivo lugar no propio latín.

Como ben explica Juliá (2012: 23), parece que as partes do corpo que presentan un maior grao de variación designativa son as menos prototípicas, as de menor saliencia entre as categorías asociadas ó dominio de partes do corpo. Por exemplo, *man*, *brazo* e *pé* responden ás características dun prototipo porque se conceptualizan máis rápido, son as primeiras que aprende un neno ou nena en relación coa categoría corpo humano e serven de punto de referencia cognitiva; en consecuencia, apenas presentan variación na súa designación. Os conceptos que presentan maior variedade denominativa acostuman ser os que fan referencia a membros internos ou a pequenas partes incluídas dentro dunha maior (partes do ollo, o pelexiño que se levanta nos dedos, etc.). Ademais, as partes máis prototípicas serven para comprender aspectos da vida cotiá e funcionan como concepto fonte (*abrir a boca*, *pegar as orellas*, etc.); pola contra, as menos prototípicas funcionan como concepto meta, pois adoitan comprenderse a partir de realidades alleas a elas cun parecido formal, estrutural ou doutro tipo.

O carácter exploratorio do noso estudo require que os resultados propostos deban tomarse como provisionais. Esperamos que sirvan para suxerir investigacións de máis profundidade sobre os materiais redescubertos do único

atlas lingüístico que dá conta completa da variación no conxunto das variedades romances peninsulares. Os estudos aparecidos nos últimos anos realizados a partir da información recadada para este proxecto están contribuíndo a revisar algunhas cuestións da historia lingüística peninsular que ata agora se daban como pechadas e incuestionables (Pato e Heap 2008,

Fernández-Ordóñez 2011a e 2011b, García Mouton e Molina 2012, Estrada 2012). A nosa pretensión foi amosar o interese de analizar as variedades peninsulares máis alá dos trazos fonéticos e morfolóxicos e, sobre todo, demostrar a importancia que para o coñecemento da dialectoloxía peninsular posúen os datos do *ALPI*.

## 5. Referencias bibliográficas

- ALPI* (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. I Fonética*. Madrid: CSIC.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2014): “(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa”, en X. Sousa, M. Negro Romero e R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega, pp. 173-200.
- (2015): “Isoglossas portuguesas nos materiais do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*: análise crítica da Nova Proposta de Lindley Cintra”, *Zeitschrift für romanische Philologie* 131/1, pp. 185-223.
- André, Jacques (1991): *Le vocabulaire latin de l'anatomie*. Paris: Les belles lettres.
- Auer, Peter (2018): “Dialect Change in Europe - Leveling and Convergence”, en C. Boberg, J. Nerbonne e D. Watt (eds.), *The Handbook of Dialectology*. Hoboken, NJ: John Wiley & Sons, pp. 159-176.
- Blank, Andreas e Peter Koch (1999): “Onomasiologie et étymologie cognitive: l'exemple de la tête”, en M. Vilela e F. Silva (eds.), *Actas do 1º Encontro Internacional de Lingüística Cognitiva*. Porto: Universidade do Porto, Faculdade de Letras, pp. 49-71.
- Colón, Germán (2003): “Estudio y descripción etimológica del léxico de las palabras románicas: catalán”, en G. Ernst (ed.), *Histoire linguistique de la Romania: manuel international d'histoire linguistique de la Romania*. Berlín: Walter de Gruyter, vol. 1, pp. 369-375.
- Coromines, Joan e José Antonio Pascual (1991-1997): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico. Obra completa*. Madrid: Editorial Gredos.
- DALLA* = Academia de la Llingua Asturiana (2015): *Diccionariu de la Llingua Asturiana*, <http://www.academiadelalingua.com/diccionariu/index.php>.
- Dubert, Francisco (2017): “Sobre a Gallaecia Magna e as relacións históricas e xeolingüísticas entre galego, portugués e asturiano”, *Estudis romànics* 39, pp. 43-69.
- Dubert, Francisco e Xulio Sousa (2002): “Áreas léxicas galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego”, en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega, pp. 193-222.
- Elvira, Javier (2006): “Orígenes de las lenguas romances peninsulares: del latín al castellano, el catalán y el gallego”, en E. Miguel e M. C. Buitrago (eds.), *Las lenguas españolas: un enfoque filológico*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Publicaciones del Instituto Superior de Formación del Profesorado, pp. 37-58.
- Estrada Arráez, Ana (2012): “The loss of intervocalic and final /d/ in the Iberian Peninsula”, *Dialectologia. Special Issue III: Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula (ALPI): Progress and Perspectives*, pp. 7-22.
- Fernández-Ordóñez, Inés (2009): “Los orígenes de la dialectología hispánica y Ramón Menéndez Pidal”, en X. Viejo (ed.), *Cien años de Filología Asturiana (1906-2006)*. Oviedo: Alvívoras & Trabe, pp. 11-41.
- (2011a): *La lengua de Castilla y la formación del español*. Madrid: RAE.
- (2011b): “El norte peninsular y su papel en la historia de la lengua española”, en S. Gómez Seibane e C. Sinner (eds.), *Estudios sobre tiempo y espacio en el español norteño*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 23-68.
- García Arias, Xosé Lluis (1997): “Discusiones etimológicas asturianas”, *Revista de Filología Románica* 13, pp. 327-344.
- (2007): *Propuestas etimológicas II*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- García Mouton, Pilar (2012): “El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI) como fuente de documentación”, en E. Montero Cartelle e C. Manzano Rovira (coords.), *Actas del VIII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española: Santiago de Compostela, 14-18 de septiembre de 2009*. Santiago de Compostela: Meubook, pp. 273-276.



- García Mouton, Pilar (coord.); Inés Fernández-Ordóñez, David Heap, Maria-Pilar Perea, João Saramago e Xulio Sousa (2016): *ALPI-CSIC*, [www.alpi.csic.es](http://www.alpi.csic.es). Edición dixital de Tomás Navarro Tomás (dir.), *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Madrid: CSIC.
- García Mouton, Pilar e Isabel Molina (2012): “The /k/-/j/ merger (yeísmo) in central Spain: advances since the ALPI”, *Dialectologia. Special Issue, III: Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula (ALPI): Progress and Perspectives*, pp. 23-42.
- García-Borrón, Juan-Pablo (2013): *Semántica de la palabra*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Gargallo, José Enrique (1995): “De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades”, *Lletres Asturianas* 57, pp. 23-40.
- (2014): “Romances de fronteira na península ibérica”, en X. Sousa, M. Negro Romero e R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 259-283.
- Goelb, Hans (2013): “La dialectometrización del ALPI: rápida presentación de los resultados”, en E. Casanova Herrero e C. Calvo Rigual (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas*. Berlín; Boston: De Gruyter, pp. 143-154.
- Instituto de Investigación Rafael Lapesa de la Real Academia Española (2013): *Mapa de diccionarios*, <http://web.frl.es/ntllet> [04-15/03/2018].
- (2013): *Corpus del Nuevo diccionario histórico (CDH)*, <http://web.frl.es/CNDHE> [04-15/03/2018].
- Juliá Luna, Carolina (2007): *Léxico y variación: las denominaciones de las partes del ojo*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona.
- (2012): “Procedimientos de creación léxica en las designaciones iberorrománicas del párpado (II)”, *Revista de Filología Románica* 29, pp. 11-31.
- Matras, Yaron (2009): *Language contact*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Merlan, Aurélia (2007): “Las variedades lingüísticas del noreste peninsular: convergencias y divergencias”, *Lletres Asturianas* 96, pp. 7-56.
- Morala Rodríguez, José Ramón (2011): “La frontera histórica entre el asturleonés y el castellano”, en R. de Andrés (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, pp. 89-119.
- Murray, Robert W. (2010): “Language and space: The neogrammarian tradition”, en P. Auer e J. E. Schmidt (eds.), *Language and Space: An International Handbook of Linguistic Variation. Vol. 1: Theories and Methods*. Berlín e New York: De Gruyter Mouton, pp. 70-87.
- Negro Romero, Marta (2012): “Names for the uvula in the west of the Iberian Peninsula: a geolinguistic approach”, *Dialectologia. Revista Electrónica*, Special Issue III, pp. 111-128.
- Ossenkop, Christina (2018): “Les frontières linguistiques dans l’ouest de la Péninsule ibérique”, en C. Ossenkop e Otto Winkelmann (eds.), *Manuel des frontières linguistiques dans la Romania*. Berlín; Boston: De Gruyter, pp. 177-220.
- Pato, Enrique e David Heap (2008): “Lexical Variation across Asturias and the ‘Dominio Astur’”, en P. Reich, W. J. Sullivan e A. R. Lommel (eds.), *LACUS Forum 33: Variation*. Houston: Linguistic Association of Canada and the United States, pp. 1-8.
- Penny, Ralph (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- Santamarina, Antón (dir.) (2003<sup>3</sup>): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>.
- Schrambke, Renate (2010): “Language and space: traditional dialect geography”, en P. Auer e J. E. Schmidt (eds.), *Language and Space: An International Handbook of Linguistic Variation. Vol. 1: Theories and Methods*. Berlín e New York: De Gruyter Mouton, pp. 87-107.
- Sinner, Carsten e Encarnación Tabares (2014): “L’espagnol en Europe”, en A. Klump, J. Kramer e A. Willemms (eds.), *Manuel des langues romanes*. Berlín; Boston: De Gruyter, pp. 558-587.
- Sousa, Xulio (2008): “Notas sobre o Atlas Lingüístico de la Península Ibérica en Galicia”, en M. Brea, F. Fernández Rei e X. L. Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 299-306.
- Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/tmilg> [04/03/2018].
- Veny, Joan (1982): *Els parlars catalans (Síntesi de dialectologia)*. Palma de Mallorca: Editorial Moll.
- Woolhiser, Curt F. (2011): “Border Effects in European Dialect Continua: Dialect Maintenance and Change”, en B. Kortmann e J. van der Auwera (eds.), *Field of Linguistics: Europe*. Berlín: Mouton de Gruyter, pp. 501-523.